

EXPEDIENTE: 2025/E001/000005

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO/AXENTE DE IGUALDADE DE XÉNERO DO CONCELLO DE DODRO.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

Logo de ver o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego de persoal técnico/axente de igualdade do Concello de Dodro mediante concurso-oposición segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 28 de maio de 2025.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns 23 de xuño de 2025 (BOP núm. 118) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Logo de ver a proposta remitida polo Tribunal Cualificador ao efecto de formación de bolsa de emprego de persoal técnico/axente de igualdade do Concello de Dodro, de data 01/04/2026 na que figuran as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación.

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación,

RESOLVO:

Primeiro.- Ratificar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador, aprobando a relación de persoas candidatas que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación, aos efectos de formación de bolsa de emprego de persoal técnico/axente de igualdade do Concello de Dodro:

Número de orde	APELIDOS E NOME	DNI
1	Lazo Fuentes, Xiomara Erlinda	***564***
2	Tilve Pérez, Sandra	***169***
3	Lobato Rodríguez, Belén	***561***
4	Pérez Dávila, Amara	***170***
5	Lareo Neira, Gloria	***077***
6	Otero Rivas, Silvia	***083***

Segundo.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Dodro.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe.

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo, que da fe.